

Data de envío: 21.09.2026 – 15:00 h.

AVISO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE ANTE A ALERTA DUN EPISODIO DE FENÓMENO METEOROLÓXICO ADVERSO EN GALICIA

>>>> ALERTAS PARA O MARTES 22 DE SETEMBRO DE 2026 <<<<

NIVEL DE ALERTA: VERMELLO POR CALOR

A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE SUSPENDE A ACTIVIDADE XOGADE (programas da actividade deportiva escolar, das actividades de promoción dos servizos provinciais e Xogando coa auga e co vento) NO EXTERIOR, DAS 12.00 ÁS 20.00 H. NON se suspende a actividade federada autonómica. Non obstante, recoméndase non realizala entre as horas de maior calor (13.00 e 17.00 h.), salvo nos deportes náuticos e acuáticos, onde non existe tal recomendación.

Asemade, recoméndase á organización que adapte os horarios da práctica deportiva ás condicións específicas de cada zona, evitando, se é posible, as horas de maior calor e adoptando as medidas preventivas necesarias para minimizar o impacto das altas temperaturas na saúde, tales como puntos de hidratación, puntos que permitan refrescarse como sombras, arboledas, etc. Os organizadores deberán garantir a protección dos deportistas e do público que asisten ás probas.

NAS SEGUINTE ZONAS:

- PONTEVEDRA: Interior

CONCELLOS AFECTADOS POLA ALERTA VERMELLA

INTERIOR DE PONTEVEDRA: Agolada, Campo Lameiro, A Cañiza, Cerdedo, Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, Lalín, A Lama, Moraña, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces.

MEDIDAS RECOMENDADAS:

ALERTA VERMELLA:

- Non dubides en socorrer ou en pedir axuda.
- Pasa polo menos dúas ou tres horas ao día nun lugar fresco.
- Refréscate, molla o corpo varias veces ao día.
- Bebe moita auga, e come normalmente.
- Evita saír ás horas de maior calor (11.00-21.00 h).

Ante calquera emerxencia chama ao 112.

No caso de precisar información mais puntual ou desagregada consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es